

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE

En Santiago de Compostela, a 8 de novembro de 2022

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: Don Manuel Fonseca Gómez, presidente da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, con CIF: V-36824449, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO.- Que a orde do Ministerio de Traballo do 29 de outubro de 1971, creou, baixo a promoción e o patrocinio da Entidade Xestora da Seguridade Social, as Irmandades de Doadores de Sangue, configurándoas como persoas xurídicas de dereito privado e sen ánimo de lucro.

Que a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue agrupa ás distintas Irmandades galegas que teñen como finalidades, entre outras, a promoción da hemodoazón en Galicia baixo a coordinación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante, ADOS).

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, as distintas Irmandades que compoñen a federación participan en campañas de radio e televisión, reparten trípticos e carteis, percorren concellos contactando directamente coas persoas, promoven charlas e atenden tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal como telefónicamente.

Así mesmo, as Irmandades, ao igual que viña ocorrendo co Centro de Transfusións de Galicia, colaboran con ADOS mediante a realización de propostas, así como en todo o que esta determine e solicite.

TERCEIRO.- Que a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTO.- Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de difusión de información na Comunidade Autónoma Galega para acadar o fin común, que é a promoción da hemodoazón.

Tendo en conta o exposto, ámbalas dúas partes consideran necesario o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, da promoción da hemodoazón en Galicia con todos os medios ao seu alcance, en coordinación co Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

SEGUNDA.- De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio na súa páxina web oficial e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE así como no resto de lexislación vixente nesta materia, ambas as partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan empregalas para usos diferentes

aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.

TERCEIRA.- A Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, e asume, ademais, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Fomentar a doazón de sangue por toda a xeografía galega a través de distintos medios como charlas, carteis, dípticos, trípticos,...
- c) Informar aos cidadáns da importancia de colaborar solidariamente na cobertura das necesidades de sangue e hemoderivados nos centros sanitarios galegos.
- d) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.

CUARTA.- Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a **cantidade de 58.200,00 €** (cincuenta e oito mil douscentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria **5001.412A.481.3**, co código de proxecto 2014 00018, consignada nominativamente nos **orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022**.

QUINTA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da lei de subvencións de Galicia.

SEXTA.- A contía indicada na cláusula terceira farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un **pago anticipado do 10%** do importe total do convenio, logo da presentación por parte da asociación dunha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio.

Ademais, poderanse realizar **pagamentos parciais** até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluíndo o anticipo), á conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gasto ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos, así como os xustificantes dos pagamentos.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA: A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e acreditación dos pagamentos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos. Para os gastos de pequeno importe, inferiores a 100 €, por comunicacións postais e outros, admitiranse os tiques emitidos palas oficinas de Correos ou establecemento correspondente.
- b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
- c) Certificación da Federación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicarase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro do 2021 ata o 30 de novembro de 2022.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 15 de decembro. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, aos efectos deste convenio, se consideran gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aquel outros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.

4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, que emitirá informe favorable de ser

conforme.

5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

OITAVA.- Consonte ao disposto nos artigos 14.2, 16.8, 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a remisión da documentación relativa ao convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominada "*PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO*" (*PRO04A*), dirixíndoas a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (unidade A12018776). O único medio válido para a presentación da documentación para a xustificación deste convenio é a Sede Electrónica.

NOVENA.- Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da Federación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEGUNDA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A federación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que

establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2022.

DÉCIMO QUINTA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase palas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	POLA FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE
Asdo: Julio García Comesaña	Asdo. Manuel Fonseca Gómez